

Aberta a convocatoria da II edición de Xuventude MENTORING

Xa está aberta, ata o 1 de agosto, a convocatoria de 250 prazas para participar na II edición do programa Xuventude Mentoring, un pioneiro programa da Xunta de Galicia destinado a favorecer a transición laboral das persoas mozas recén tituladas, a través do apoio dunha rede de mentores procedentes do empresariado galego.

O programa, cofinanciado polo Fondo Social Europeo a través do Programa Operativo de Emprego Xuvenil, desenvólvese en colaboración co Cixug e as tres universidades galegas.

Poden participar no programa as persoas mozas de entre 18 e 30 anos, inscritas e beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil que teñan cursado estudos universitarios de grao/posgrao ou formación profesional superior nunha universidade ou centro de estudos galego (ou fóra de Galicia nalgúns casos excepcionais establecidos na convocatoria).

As diferentes accións do programa desenvolveranse entre setembro e decembro de 2022 e consistirán en:

- Seguimento e acompañamento especializado polo equipo de tutores/as
- Actividades formativas de desenvolvemento do perfil competencial para a busca de emprego, por conta propia ou allea
- Actividades de networking e visitas a empresas
- Mentorías a cargo de persoas profesionais procedentes do sector económico de interese

Xuventude Mentoring conta actualmente cunha rede de máis de 150 mentores e 21 entidades colaboradoras, o que permitiu que case o 60% das persoas mozas participantes na I edición se atopen traballando ou disfrutando de bolsas de formación.

Toda a información e o formulario de inscrición poden atoparse na web do programa:

- <https://www.xuventudementoring.gal/>

Máis información do programa:

- <https://youtu.be/p8zBJDVksMI>

Poden desgargar o folleto informativo facendo clic [AQUÍ](#).